

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 29 DE AGOSTO DE 2018.

Na Casa do Concello de Silleda, sendo as **DOCE HORAS** do día **VINTENOVE DE AGOSTO DE DOUS MIL DEZAOITO**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde **MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ**, reúnese a Xunta de Goberno Local, coa asistencia do tenente de Alcalde **KLAUS BREY MONTAÑA** e os concelleiros **ANA LUISA GONZÁLEZ COSTA**, **JESUS TABOADA LÁZARA** e **Mª del PILAR PEÓN IGLESIAS**.

Interventor da Corporación: **LEOPOLPO MOURE DOPICO**
Secretario da Corporación: **MANUEL QUINTÁNS QUEIRUGA**, que da fe.

O Sr. Alcalde declara aberta a sesión que se desenvolve conforme á Orde do Día seguinte:

- 1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**
- 2º.- **ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.**
- 3º.- **DAR CONTA DE TRÁMITES E ACORDOS VARIOS.**
- 4º.- **PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPREENDEDORES.**
- 5º.- **PROPOSTA SERVIZO CANGURAXE (Expte. 1880/2018).**
- 6º.- **PROPOSTA DISPENSADORES (Expte. 1982/2018).**

1º.- **ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.**

Queda aprobada a Acta da sesión do;
- 08 de Agosto de 2018

2º.- **ADHESIÓN AO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A XUNTA DE GALICIA, A FEGAMP E SEAGA EN MATERIA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O ESTABLECEMENTO DUN SISTEMA PÚBLICO DE XESTIÓN DA BIOMASA NAS FAIXAS SECUNDARIAS.**

ASUMINDO que este convenio ten por obxecto instrumentar a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, a través da Consellería do Medio Rural, Seaga, e a Fegamp, cos concellos que voluntariamente se adhiran, mediante o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nos montes ou terreos forestais incluídos nas redes de faixas secundarias.

Por unanimidade, se acorda:

PRIMEIRO. Aprobar a **ADHESIÓN** do Concello de **SILLED**A ao **Convenio de colaboración suscrito entre a Xunta de Galicia, a Fegamp e Seaga en materia de prevención e defensa contra incendios forestais para o establecemento dun sistema público de xestión da biomasa nas faixas secundarias.**

SEGUNDO. Remitir o presente acordo á Dirección Xeral de Ordenación Forestal.

TERCEIRO. Facultar ao Alcalde á realización dos trámites necesarios para a execución do presente acordo

3º.- DAR CONTA DE TRÁMITES E ACORDOS VARIOS.

Dase conta de:

3.1. Registro de Entrada [2018-E-RC-3387](#) (PROTOCOLO DE COLABORACION ENTRE AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE SILLEDA) recibido de AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA.

3.2. Registro de Entrada [2018-E-RC-3385](#) (OBRAS NO CEIP DE SILLEDA) recibido de CONSELLERIA DE CULTURA, EDUCACION E ORDENACION UNIVERSITARIA.

3.3. Dáse conta por Secretaría do proceso de integración que efectuado por Gestiona coas plataformas SIA –intercambio de registros entre Administracións-, NOTIFICA –da Xunta de Galicia para notificacións-, e pasarela de indentificación Cla@ve.

4º.- PLAN DE AXUDA MUNICIPAL A EMPRENDEDORES.

4.1.- Rexistro de Entrada 2018-E-RC-2541. ISABEL NUÑEZ FERNANDEZ, DNI 33.928.451-R, para a apertura dunha de “Asesoramento, deseño e venta de mobles antigos”.

VISTAS as Bases Reguladoras de Plan Municipal de Axuda a Emprendedores, aprobado no Pleno de 24 de Setembro, e a proposta da concelleira Ana Luisa Gonzalez Costa de recoñecer unha axuda consistente no 50 % dos gastos de instalación, unha vez comprobada a documentación acreditativa dos mesmos, a favor de ISABEL NUÑEZ FERNANDEZ, DNI 33.928.451-R, para a apertura dunha actividade de “Asesoramento, deseño e venta de mobles antigos”, na Rúa Venezuela nº 30 de SILLEDA.

VISTO que o gasto xustificado documentalmente ascende a 5.499,33 €, e tendo en conta o disposto nas Bases Reguladoras,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

1. CONCEDER a ISABEL NUÑEZ FERNANDEZ, DNI 33.928.451-R, para a apertura dunha actividade de “Asesoramento, deseño e venta de mobles antigos”, unha axuda de **1.200 €** (50 % dos gastos de instalación), na Rúa Venezuela nº 30, baixo de SILLEDA, coa obriga de cumprir con tódalas esixencias das Bases, incluíndo a instalación dun cartel identificativo desta subvención.

4.2.- Rexistro de Entrada 2018-E-RC-3386. MARTINHO NOVO CANDIA , DNI 77459325V, para a apertura dunha actividade de Guía Turístico.

VISTAS as Bases Reguladoras de Plan Municipal de Axuda a Emprendedores, aprobado no Pleno de 24 de Setembro, e a proposta da concelleira Ana Luisa Gonzalez Costa de recoñecer unha axuda consistente no 50 % dos gastos de instalación, unha vez comprobada a documentación acreditativa dos mesmos, a favor de MARTINHO NOVO CANDIA , DNI 77459325V, para a apertura dunha actividade de Guía Turístico en Pedrouzo nº 23-Graba de SILLEDA.

VISTO que o gasto xustificado documentalmente ascende a €, e tendo en conta o disposto nas Bases Reguladoras,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade,

RESOLVE

1. CONCEDER MARTINHO NOVO CANDIA , DNI 77459325V, unha axuda de **600 €** (50 % dos gastos de instalación), para a apertura dunha actividade de Guía Turístico, coa obriga de cumprir con todas as esixencias das Bases, incluíndo a instalación dun cartel identificativo desta subvención.

5º.- PROPOSTA SERVIZO CANGURAXE (Expte. 1880/2018).

Vista a proposta da concelleira de Benestar Social, Igualdade, Educación, Xuventude, Sanidade e Normalización Lingüística, M^a Pilar Peón Iglesias, que literalmente dí:

“Eu, Pili Peón como concelleira de Benestar Social, Educación, Igualdade, Xuventude, Sanidade, Normalización Lingüística e Comunicación Social do Concello de Silleda,

EXPOÑO QUE:

Visto que para o óptimo funcionamento do Programa de atención a escolares fóra do horario lectivo, Servizo Lúdico Educativo, precisamos dun servizo de acompañamento, de agora en diante Canguraxe.

Visto que o Canguraxe consiste en levar, traer e axudar a mudarse ás crianzas inscritas no Servizo Lúdico Educativo, ás actividades extraescolares ou recollelas noutros centros de ensino para achegalas ata as dependencias do Servizo Lúdico Educativo.

Visto que o período de tempo no que precisamos o Canguraxe sería dende o inicio do curso escolar 2018, ata setembro do 2019 de luns a venres.

Visto que o pasado 3 de agosto se solicitaron orzamentos ás empresas: Mais Escola XXI S.L, Eduvía Xestión Cultural e Lecer S.L e Libélula Educación e Lecer.

Visto que presentaron oferta as seguintes empresas:

-Mais Escola S.L.: 7000€

-Eduvía Xestión Cultural e Lecer S.L.: 12:500€

PROPOÑO:

Á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo: elixir de entre os orzamentos presentados, a oferta que resulte mais vantaxosa.

*Pili Peón - Concelleira de Educación
Silleda, 28 de agosto de 2018*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ADXUDICAR o mencionado servizo a Mais Escola, S.L., polo importe de 7.000,00 €/anuais.

6º.- PROPOSTA DISPENSADORES (Expte. 1982/2018).

Vista a proposta da concelleira de Benestar Social, Igualdade, Educación, Xuventude, Sanidade e Normalización Lingüística, M^a Pilar Peón Iglesias, que literalmente dí:

"Eu, Pili Peón como concelleira de Benestar Social, , Educación, Igualdade, Xuventude, Sanidade e Normalización Lingüística do Concello de Silleda,

EXPOÑO QUE:

Visto, o consumo de papel e xabón que se acada nas instalacións municipais nos últimos tempos.

Visto, que ademais de tentar reducir o gasto económico é necesario reducir o consumo e optimizar o seu uso ao tempo que preservamos o noso medio natural consumindo produtos fabricados dun xeito máis ecolóxicos que os tradicionais.

PROPOÑO:

Á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo: elixir de entre os orzamentos presentados, a oferta que resulte mais vantaxosa

EMPRESA	PREZO UN. XABÓN	PAPEL SECADO MANS	PAPEL HIXIÉNICO
PROINDEX, S.L.	48,79 €	35,45 €	19,25 €
VENTAS DE HOSTELERÍA JOSÉ LUIS VAZ	52,02 €	42,00 €	25,00 €
NORFEL GALICIA	55,00 €	39,00 €	24,00 €

*Pili Peón-Concelleira de Educación
Silleda, 23 de agosto de 2018*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda ADXUDICAR o subministro a PROINDEX, S.L. polos prezos seguintes:

EMPRESA	PREZO UN. XABÓN	PAPEL SECADO MANS	PAPEL HIXIÉNICO
PROINDEX, S.L.	48,79 €	35,45 €	19,25 €

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Presidente levántase a sesión as doce horas e trinta minutos, extendéndose a presente acta, do que como secretario dou fe e certifico.

Silleda, a 29 de agosto de 2018

Vº e Prace
O ALCALDE,
Asdo. Manuel Cuiña Fernández

O SECRETARIO
Asdo. Manuel Quintáns Queiruga